



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO CENTRO DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA.**

### **Artigo 1.- Fundamento legal**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais da carácter público, o Concello de Boqueixón, establece a taxa por prestación do servizo da Escola Infantil Municipal, que se rexerá pola presente orde, que se adaptará á modificacións que introduza á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude que para o ano 2002 ven a publica-lo Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba a réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da citada Consellería (DOG. Nº 52 do mércores 13 de marzo de 2002, que rexerán mentres non existan modificacións posteriores.

### **Artigo 2.- Feito imponible**

Constitúese o feito imponible da taxa a prestación do servizo do Centro de Atención á Primeira Infancia.

### **Artigo 3.- Suxeitos obrigados**

Están obrigados o pagamento das cantidades que se establecen como prezo os pais, familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestad dos nenos en situación de alta no Centro de Atención á Primeira Infancia de Boqueixón.

## **Artigo 4.- Base imponible e cota tributaria**

4.1.- O prezo pola asistencia ó Centro de atención á primeira infancia fíxase en 110 euros, atendendo ós prezos acordados pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude Decreto 70/2002 do 28 de febreiro, DOG 52 do 13 de marzo de 2002.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicarase as seguintes reducións totais ou parciais:

- a) Inferiores ó 50 % do salario mínimo interprofesional, redución do 100%: 0 euros.
- b) Entre o 50 e o 75 % do salario mínimo interprofesional, redución do 70 %: 33 euros.
- c) Entre o 75 e o 100% do salario mínimo interprofesional, redución do 40 %: 66 euros.
- d) Entre o 100 e 150% do salario mínimo interprofesional, redución do 10%: 99 euros
- e) En calquera destes casos estarase obrigado ó pago de matrícula ó formalizala mesma, por un importe de 30,05 euros. Este pago realizarase con carácter anual e inclúe o seguro.

4.2.- prezo por servizos complementarios

- a) servizo de comedor. O prezo fixarase en 33 € mensuais. No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente, e por motivos xustificados, desexen utiliza-lo servizo algún día solto, o prezo será de 2 € por día
- b) Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora en que se incrementa o horario normal será de 13,75 € No caso de nenos que incrementen o horario en días soltos o prezo será de 2 €
- c) segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar sobre os prezos do servizo anterior aplicarase reducións totais ou parciais:

-Inferiores ó 30 % do salario mínimo interprofesional redución do 100 %

-Entre ó 30% e o 100% do salario mínimo interprofesional redución do 50%

- d) este servizo será de utilización voluntaria polos nenos/as asistentes ó centro.

4.3.- Descontos

Según as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplica-lo disposto nos puntos 1 e 2 anteriores aplicarase os seguintes descontos:

- 1.- nenos/nenas pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 %
- 2.- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais desconto dun 20%
- 3.- cando asistan ó mesmo centro varios irmáns, desconto dun 20 % por cada neno/a atendido/a. No caso de que irmáns nacesen en parto múltiple , o desconto será dun 30% por cada neno/a

Os descontos anteriores cando se dean nunha mesma persoa serán acumulables.

### **Artigo 5º.- Revisión da tarifa**

7.1.- O longo do curso poderanse proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias económicas e familiares.

*Neste sentido o beneficiario queda obrigado a comunicar calquera variación que se produza ó respecto.*

### **Artigo 6º.- Devengo e período impositivo**

A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo. O período impositivo coincide co ano natural prorrateado por meses

### **Artigo 7º.- Liquidación , recadación e xestión**

7.1.- A liquidación da cota tributaria practícarase por meses naturais e deberase aboa-los interesados nos 10 primeiros días de cada mes, na entidade/s financeiras que indique o Concello ou, no caso , o concesionario do servizo. Existe a posibilidade de domicilia-los recibos.

7.2.- Non se aboará a tarifa que corresponda ó período no suposto que o centro permanecera pechado por vacacións. Se por calquera motivo o Centro permanecese pechado durante un número superior a 15 días consecutivos, non se abonará a tarifa que corresponda a este período.

### **Artigo 8º.- Infraccións e sancións**

En materia de infracción e sancións estarase ó disposto na Lei Xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan

### Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

### ANEXOS

RPC/MES	REDUCCIÓN	A PAGAR (euros)	MATRIC/ANO +SEGU (euros)
INF. 50%SMI	100%	0	30,05
50-75% SMI	70%	33	30,05
75-100% SMI	40%	66	30,05
100-150% SMI	10%	99	30,05
SUP. 150% SMI	0	110	30,05

Prezos/mes	Reducción	Comedor (euros)	Por cada hora complementaria ó mes
RPC. SUP.100% SMI	0	33	13,75 euros
RPC. 30-100% SMI	50%	16,5	6,88 euros
RPC.INF.30% SMI	100%	0	0

Comedor: cando por motivos xustificados sexa utilizado o comedor algún día solto o prezo será de 2 euros por día.

Horas complementarias: cando por motivo xustificado sexa incrementada a xornada algún día solto o prezo por hora será de 2 euros.